



Páx 2

PONTEVEDRA:

Á vangarda de Europa en mobilidade e seguranza viaría

Páx 3

PONTEVEDRA:

Obras no espazo público

Páx 4

PONTEVEDRA:

As charcas: espazos de vida

Páx 5

CONGRESO:

Nó de bombeiros e Nó do Pino

Páx 6

PARLAMENTO:

Supresión das Deputacións

SOUTOMAIOR:

O PP limpídelles ao BNG o estudo do PXOM

Páx: 7

MORAÑA:

A alcaldesa minte e despilfarra

PORTAS:

Pontella sobre o río Chaín

En defensa da lingua: o domingo todas e todos a Compostela

O Alcade de Pontevedra recibiu esta semana a Plataforma Queremos Galego para manifestarlle o apoio do Concello á manifestación que se vai celebrar en Santiago de Compostela este domingo 27 ás 12:00 da mañán.

Miguel Fernández Lores indicou que coincide plenamente coas persoas que convocan á manifestación e co lema escollido, Pola lingua que nos une. Queremos Galego na escola.

O alcalde fixo fincapé no feito de que o galego é a única lingua do estado que perde falantes: *fai falla unha acción política decidida e comprometida que serva para reverter esta situación.*

Tamén Fernández Lores subliñou a posición do BNG a respecto da lexislación defendida polo Partido Popular, o mesmo o malchamado Decreto do Bilingüismo que a reforma educativa de Wert: *desde sempre, o PP, perseguiu a nosa lingua para ficar nunha segunda posición por detrás do español. Agora o ministro Wert quitou a carauta e pretende acabar coa nosa lingua no ensino. O alcalde non parou aí senón que afirmou que non imos permiti-lo. Se hai que rebelarse, se hai que ser insumisivos fronte a unha inxustiza como esta, tende a seguridade que non nos vai tremar o pulso.*

Ernesto Vázquez, responsábel comarcal de Galiza Nova, actuou como voceiro dos representantes de Queremos Galego que asistiron á xuntanza. El sinalou a necesidade de acudir masivamente á manifestación de Santiago porque *estamos nun momento crítico para o galego. Temos unha responsabilidade histórica e non a podemos deixar pasar.* O noso compañeiro agradeceu o apoio do Alcalde e de todo o grupo municipal do BNG..

Pontevedra, á vangarda de Europa en mobilidade e seguranza viaria

O día 6 de febreiro o Concello de Pontevedra vai recibir en Bruxelas o Premio Intermodes, un novo éxito internacional do noso modelo urbano.

Despois de que Pontevedra fose premiada polo seu modelo urbano a nivel nacional e estatal, agora chega o recoñecemento europeo co Premio Intermodes para o modelo de cidade de Pontevedra por estar baseado na mellora do espazo público, a promoción dos desprazamentos peonís e a mellora da calidade de vida de todos e de todas.

Reunión co Director Xeral de Mobilidade e Transporte

Mais a delegación que se desprace a Bruxelas non só vai asistir a un acto protocolario senón que vai ter unha axenda de traballo moi intensa. O martes día 5, mesmo na chegada a Bruxelas, a delegación pontevedresa vai manter unha xuntanza de traballo co Director Xeral de Mobilidade e Transporte Matthias Ruete, a quen se lle vai expor as principais características do traballo feito en Pontevedra.

Esta dirección xeral manifestou o seu interese na xuntanza, logo das xestións desenvolvidas pola deputada do BNG Ana Miranda, debido a aspectos variados do modelo, mais, sobre todo, pola implantación da limitación de velocidade a 30 km/h. Existe actualmente un debate sobre este asunto en toda Europa para o que Pontevedra pode server de moi bo exemplo grazas aos excelentes resultados en seguranza viaria.

A xornada de traballo vai desenvolverse en inglés e francés xa que a Unión Europea non lle recoñece ao galego ningún carácter de lingua oficial.

O mércores 6 é o día no que se entrega a Pontevedra o Premio Intermodes que vai reco-



Portada do folleto editado para a ocasión

ller o Alcalde cun discurso de agradecemento en francés. Lembremos que nas cinco ocasións anteriores, este galardón foi para Lorena e Luxemburgo no 2009, a rexión do Ródano e Suíza no 2010, ao estreito de Oresund entre Noruega e Dinamarca no 2011 e á política de mobilidade das Olimpíadas de Londres no 2012. No 2013, nós, Pontevedra.

Pontevedra ponente no Congreso Internacional

Ese mesmo día, Pontevedra foi convidada a participar como relatora sobre mobilidade no Intermode Congress polo que o Intendente da Policía Local, Daniel Macenlle, vai presentar unha ponencia en inglés compartindo mesa con outros interlocutores europeos como a representación do modelo de mobilidade do Gran París.

O convite para participar no congreso partiu da propia organización europea logo de que, tras a concesión do premio ao Metrominuto, estudaron as iniciativas desenvolvidas en Pontevedra e comprobaron que estamos na vangarda da calidade urbana, da seguranza viaria, da defensa do espazo público, da promoción da intermodalidade no transporte, etc.

Máis información en:

<http://www.pontevedra.eu/movete>

Obras no espazo público

O Concello de Pontevedra está a desenvolver estes días traballos de mantemento en diferentes rúas da cidade con carácter de urxencia.

A Concellaría que dirixe Luís Bará detectou que as chuvias caídas nas últimas semanas provocaran desperfectos en diferentes rúas do centro urbano polo que se deseñou un plan de actuación inmediata que garanta a calidade do espazo público e a seguridade das persoas que o utilizan.

Luís Bará informou que tal vez sexa necesario levantar panos enteiros no ámbito da praza da Peregrina, na avenida de Vigo, en Daniel de la Sota ou na rúa Sagasta porque o Concello está a detectar un destrozo da base de cemento das lousas, que fai que se levanten e se produzan moitos accidentes nas zonas peonís da cidade.

Tamén se está a detectar un desperfecto importante nos pavimentos das calzadas que se asumirán co contrato anual de mantemento dos espazos públicos, como, por exemplo, na rúa Castela.

O Concello de Pontevedra acadou xa uns niveis de calidade urbana moi por riba dos estándares que se utilizan habitualmente e agora está a facerse un esforzo intensísimo para mantelos non só en canto a investimento senón tamén pola dificultade da xestión.



“O Concello de Pontevedra realiza traballos de urxencia de mantemento dos espazos públicos

Mantemento no rural e no urbano

A Xunta de Goberno do Concello de Pontevedra iniciou os trámites para a contratación de obras de mantemento no espazo público tanto urbano como rural.

Os contratos cuxa tramitación se inicia ascenden a 241.000€ en cada un dos ámbitos (rural e urbano) e van permitir abordar obras de pequeno formato mais imprescindíbeis para o mantemento ou mesmo a mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas de Pontevedra.

Por outra parte, con esta actuación o Concello continúa co esforzo investidor que contribúe á dinamización económica de Pontevedra e a súa comarca. Trátase, polo tanto, dunha decisión política enfrontada ás directrices económicas marcadas polo neoliberalismo

Charcas con vida

Iniciativas para a conservación de charcas



Fotos: Kamilo Pérez

sábado 2 de febreiro Día mundial dos humedais

Pazo da cultura. Pontevedra

Programa

- 10:00 Presentación do encontro
Áncora Rivela, Concelleira de cultura e zonas verdes de Pontevedra
Virginia Rodríguez, Presidente de ADEGA
- 10:30 Dr. José Luis Gamito (Univ. de Vigo)
A importancia das charcas na conservación da biodiversidade
- 11:15 Descanso
- 11:45 Dr. Adolfo Costas (Univ. de Vigo)
Os pequenos humedais e a súa vitalidade para os anfíbios
- 12:30 Martín Cabian (ADCT e Univ. de Coruña)
Os anfíbios de Galicia nos pequenos humedais
- 13:15 Placote das charcas e descanso para comela
(Opción de Refeiro pola Xunqueira de Alba)
- 16:00 Pere Fraga, Lila Bassas (Conseil Insular de Menorca)
Conservación e xestión de charcas temporais en Menorca
- 16:45 Dr. José Teixeira, CEBO (Portugal)
Campesinxs Charcas con Vida en Portugal
- 17:30 Descanso
- 18:00 Lucía Parante e Ramón Pérez (ADEGA)
Presentación da xornada Charcas con vida
- 19:00 Fin da xornada

Organiza



Financia



Coa colaboración de



Actividade gratuíta
É preciso inscribirse

lucia@adega.info
981 570099 / 949 611506

DÍA MUNDIAL DOS HUMEDAIS

As charcas: espazo de vida

O vindeiro 2 de febreiro celébrase o día mundial dos humedais e con este motivo o Concello de Pontevedra e a entidade ecoloxista ADEGA organizan unha xornada de traballo que, baixo o título “Charcas con vida” ten coma obxectivo divulgar a importancia das charcas como espazos de alto valor patrimonial, cultural e natural ademaos de fomentar prácticas que axuden ao seu coñecemento e divulgación.

Se o tempo o permite, durante a xornada achegarémonos á Xunqueira do Alba, o primeiro humedal en Galiza recoñecido no 2012 coma Espazo Natural de Interese Local (ENIL)

Este fermoso espazo situado a carón da cidade, nas confluencias dos ríos Rons e Lérez dentro das parroquias de Lérez e Campañó, ten unha extensión de 66,89 ha, e conforman

unha marisma que posúe sistemas naturais de gran valor entre os que destacan, ademais da propia marisma, as lagoas costeiras, as uceiras secas europeas e o bosque aluvial de ameneiros. Neste espazo podemos atoparnos máis de 40 especies de bolboretas, 10 especies de anfíbios (algúns deles teñen a categoría de vulnerábeis), máis de 20 especies de libeliñas, 13 especies de mamíferos, 133 especies de aves, algunhas delas en perigo de extinción e 171 especies de flora entre as que destacan dúas especies de orquídeas protexidas pola lexislación europea.

En definitiva, trátase dun espazo a coñecer, conservar e protexer polo que súpón de riqueza para o noso concello ao igual que outros moi próximos nos que se está a actuar para poñelos en valor e recuperalos para todos os cidadáns.

O BNG insta a Fomento a que a reforma do nó de Bombeiros teña conexión coa ponte das Correntes

A portavoz do BNG no Congreso, Olaia Fernández Davila, registrou unha pregunta parlamentar na Cámara para preguntarlle ao Ministerio de Fomento cando darán comezo as obras de remodelación do denominado Nú de Bombeiros, ao seu paso pola cidade de Pontevedra.

Ademáis, a parlamentar do BNG quer saber se o Goberno vai atender a demanda do concello que plantexa que o enlace norte se simplifique ao máximo e se inclúa unha conexión coa Ponte de As Correntes. “Prevé o Ministerio dita conexión? Non considera Fomento que esta conexión é necesaria para mellorar a accesibilidade viaria á cidade?”.

Davila pón de manifesto a necesidade desta actuación, a remodelación do Nó Norte da AP-9 ao seu paso por Pontevedra, entre A Barca e

a rúa Domingo Fontán. A finais de decembro pasado, a Ministra de Fomento anunciou a sinatura dun protocolo con AUDASA no que consta o compromiso de levar a cabo a reforma do Nó de Bombeiros.

O proxecto debe contar co enlace coa Ponte de As Correntes

Mais desde o concello “se insiste na necesidade de facer unha conexión coa Ponte de As Correntes. Un enlace que non só potenciaría o uso deste novo viaducto sobre o río Lérez senón que beneficiaría a moitos máis automovilistas xa que se facilitaría o acceso á cidade”. Neste sentido, a deputada do BNG quer saber cal é o proxecto do Goberno en relación á necesaria reforma do Nó de Bombeiros.

O BNG reclama no congreso a reanudación das obras do nó do Pino

A portavoz do BNG no Congreso dos Deputados, Olaia Fernández Davila, registrou unha iniciativa parlamentar na Cámara para demandar ao Ministerio de Fomento que se reanuden canto antes as obras de remodelación do Nó do Pino “ao ritmo necesario que permita finalizar as actuacións”.

A deputada do BNG sinala que a paralización dos traballos que se están a realizar na reforma do Nó do Pino (CN-550 e PO-10) desde outubro pasado, “está a xerar unha grande preocupación na cidade debido á incertidume respecto ao remate das obras”.

“E o feito de que nas últimas semanas só se empezasen traballos menores fai pensar que é un simple lavado de cara”, apunta Davila. A parlamentar nacionalista lembra que o parón nestas obras se debe a “insolvencias económicas” da empresa adxudicataria do contrato. “Unhas obras que comezaron hai varios anos”.

A Ministra de Fomento debe responder

Davila subliña que a Ministra de Fomento se comprometeu con Pontevedra a axilizar esta infraestrutura. “É máis no pasado mes de



novembro garantía a continuidade das obras e chegou a afirmar que “se a empresa non se pode facer cargo das obras, será outra a que as faga”.

Ademáis, Olaia Fernández Davila sinala que o retraso destas obras no Nó do Pino está a provocar importantes problemas de tráfico, “agravándose a situación polo incremento de tráfico da AP-9 á N-550 debido ás elevadas peaxes. Así que por riba se está empiorando a seguridade vial na zona”.

“Para cando prevé o Goberno o remate das obras desta infraestrutura? Procurou o Goberno solucións aos problemas suscitados pola empresa adxudicataria?”, son algunhas das preguntas que a deputada do BNG dirixiu ao Ministerio.

As supresión das Deputacións

A deputada do G.P do BNG Carme Adán advertiulle ao presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, que o único aforro e austeridade que se pode dar na estrutura da administración local é o da supresión das Deputacións, non de reforzar estas estruturas “obsoletas” e “recentralizadoras”.

Carme Adán lamentou, na presentación dos orzamentos destas entidades, que Louzán fala-se como “profeta dun “novo mundo” cando a realidade dese “novo mundo” na provincia de Pontevedra é a de menos liberdade, menos democracia e máis empobrecemento, pois se trata da provincia que está a cabeza no índice de paro, con máis de 110.000 desempregados ao remate de 2012.

A parlamentar do BNG convidou ao presidente da Deputación a que se quere falar da reforma da administración local que vai acometer o PP comece falando da supresión destas entidades. “Mais vostedes –engadiu- o que queren é consolidalas para reforzar así a política recentralizadora do PP, para ir rebaixando competencias ás Comunidades Autónomas e manter así unhas entidades cada vez máis ao servizo do PP, non dos concellos nin dos cidadáns”.

Carme Adán denuncia o baleirado de competencias e de ingresos dos concellos a favor das Deputacións, que favorece que estas entidades



poidan aplicar as políticas privatizadoras do PP en ámbitos como os servizos sociais

Neste sentido, Adán lembrou que de todos os recursos transferidos pola Xunta, a Deputación de Pontevedra só adicou unha parte mínima aos concellos, unha inversión que foi diminuindo ao longo dos anos, de tal xeito que pasou do 20 por cento en 2008 ao 1 por cento previsto para 2013 (10,4 en 2009; 9,1 en 2010; 2,6 en 2011 e 2,5 en 2012).

Para a deputada do BNG, a estratexia de Louzán non é a de colaborar cos concellos senón baleiralos de competencias, evitar que xestionen servizos, como os servizos sociais, como o servizo de teleasistencia a maiores, “porque o PP ve ahí nicho de mercado para poder privatizar e mercantilizar todo o que ten a ver con ditos servizos sociais”..

O BNG denuncia que o PP pretende impedirle o estudo do novo PXOM de Soutomaior

O BNG censura a actitude que o PP está a ter na tramitación do PXOM, ao negarlle unha copia deste para o seu estudo.

Agustín Reguera quere obrigar aos nacionalistas a examinar o documento no propio concello, dificultando enormemente o traballo do Grupo Municipal. Compre lembrar que os concelleiros da oposición non teñen dedicación exclusiva, polo que limitar o acceso ao Plan Xeral é un auténtico impedimento para estudar en profundidade o documento que rexerá o correcto desenvolvemento urbanístico que Soutomaior merece

Fernando Herrero, portavoz municipal do BNG, reclámalle ao alcalde a transparencia que merece

o PXOM e que o alcalde anunciou. “Non entendemos a que lle ten medo Agustín Reguera, trátase dun documento público, que merece o maior consenso posíbel; e negarlle unha copia ao BNG, que conta co respaldo dun importante número de veciños non parece o mellor xeito de buscar ese consenso”.

O BNG, co ánimo de facer achegas a este documento, espera que o PP reconsidere a súa posición, e lles entregue a copia demandada no menor espazo de tempo posíbel.

O BNG acusa á alcaldesa de Moraña de despilfarrar e mentir

Cando as necesidades dos veciños e veciñas de Moraña son cada vez máis acusadas, pola situación de grave crise económica e social á que nos conduce as políticas do PP, a alcaldesa fai deixación das súas funcións e limitase a recurrir á propaganda falsa e tendenciosa e a mentir.

Non é de recibo que, dous meses despois de anunciar a bombo e platillo un programa piloto de “aforro enexético” no que o Concello investiu 62.000 euros, haxa que suplementar a partida destinada ao gasto eléctrico en 35.000 euros, o que supón un aumento de case o 43%.

35.000 euros que falta facían para programas sociais que axuden aos nosos veciños e veciñas nun contexto crítico, onde as políticas da Xunta e do Estado están a deteriorar os seus dereitos e a súa calidade de vida a pasos axigantados.

Por iso o BNG insta á alcaldesa a que abandone a súa política de falla absoluta de previsión, de recurso á propaganda tendenciosa e de desfilfarro e se adique a atender o realmente importante: as necesidades dos veciños e veciñas de Moraña.

O BNG reclama a reparación urxente da pontella sobre o río Chaín que une Portas con Arcos da Condosa

Nos últimos días fíxose público que o alcalde de Portas “reprende” ao seu homólogo de Caldas de Reis por pechar ao tráfico rodado unha pontella (que pertence a Caldas de Reis) que cruza o río Chaín e que comunica as parroquias de Portas e Arcos da Condosa.

O BNG quere lembrar que hai catro anos, o 21 de febreiro de 2009, xa presentara unha moción no concello de Portas na que denunciaba o deterioro da pontella e esixía a reparación urxente da mesma. A moción foi aprobada por unanimidade no pleno ordinario celebrado o 24 de febreiro de 2009.

Roberto Vázquez comprometérase a buscar unha solución e a trasladarlle a problemática da pontella a Augas de Galicia e ao concello de Caldas de Reis. Dende entón, nin a pontella foi reparada, nin o alcalde cumpriu os seus compromisos, subestimando o problema.

Roberto Vázquez non asumiu as súas responsabilidades e agora pretende trasladarlle as consecuencias da súa inacción aos demais.



A pontella ameaza ruína e a pista que comunica a Rapeira con Arcos está en estado lamentable. Pontella e pista necesitan unha reparación urxente.

O Bloque Nacionalista Galego esixe que se repare de forma urxente a pontella sobre o río Chaín, e pídelle ao alcalde de Portas que traballe en beneficio dos veciños e veciñas sen trasladar aos demais as súas responsabilidades.

derrogación xa do decretazo
non á lei da wertgoña

**pola lingua
que nos une**

queremos galego
na escola!

**Manifestación
Nacional**

Santiago de Compostela [alameda]

27 xaneiro - 12h

habera buses desde diferentes lugares

www.queremosgalego.org

